

# EcoEvanxeo

An echo ecological reflexion fo the Sunday Gospel



MOVIMENTO LAUDATO SI'

www.MovimientoCuidadoComun.org

VI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO  
13 DE FEBREIRO DE 2022

DELEGACION DE CATEQUESIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A Campaña de Mans Unidas deste ano leva por lema: "A nosa indiferenza condénaos ao esquecemento". A campaña ten por obxectivo "evitar que o muro da indiferenza e a desigualdade condenen ao esquecemento a máis de mil millóns de persoas empobrecidas e famentas ante as que nunca debemos volver as costas". Desgraciadamente, di Mans Unidas, "as cifras esconden rostros de seres humanos que non temos tempo nin de mirar nin de ter presentes. Vivimos nunha sociedade marcada polo individualismo na que a desigualdade nos parece algo normal".

## Pregúntome:

**A pobreza dos outros me dá igual?, Afíxenme a ver xente necesitada ao meu redor?**

**Podo dicir que a indiferenza me alcanzou?**

Na súa primeira exhortación o papa Francisco afirmaba: "hai que dicir sen reviravoltas que existe un vínculo inseparable entre a nosa fe e os pobres; nunca os deixemos sos". As Benaventuranzas que escoitamos neste domingo concéntranse na opción polos pobres.

## Evanxeo

Lc 6, 20-26

Despois de baixar con eles, parouse nunha chaira cun grupo grande de discípulos e un gran xentío do pobo, procedente de toda Xudea, de Xerusalén e da costa de Tiro e de Sidón. El, levantando os ollos cara aos seus discípulos, dícialles:

«Benaventurados os pobres, porque voso é o reino de Deus.

Benaventurados os que agora tedes fame, porque quedaredes saciados

Benaventurados os que agora chorades, porque riredes.

Benaventurados vós cando vos odien os homes, exclúanvos, e insultenvos e proscriban o voso nome como infame por causa do Fillo do home.

Alegrádevos ese día e saltade de gozo, porque a vosa recompensa será grande no ceo. Iso é o que facían os vosos pais cos profetas. Pero aí de vós, os ricos, porque xa recibistes o voso consolo!

Ai de vós, os que estades saciados, porque teredes fame! Ai dos que agora rides, porque faredes dó e choraredes!

Ai se todo o mundo fala ben de vós! Iso é o que os vosos pais facían cos falsos profetas.

## Oración

"Deus dos pobres, axúdanos a rescatar os abandonados e esquecidos desta terra que tanto valen aos teus ollos. Sanda as nosas vidas, para que sexamos protectores do mundo e non depredadores, para que sementemos fermosura e non contaminación e destrución".  
(Oración Laudato Si')

Canto: Bienaventurados

CLICK



## Reflexión

O discurso das benaventuranzas atopámolo tanto en Mateo como en Lucas, e aínda que ambos se complementan, cada un ten o seu propio enfoque. Mateo fala dos "pobres en espírito" e lembra disposicións espirituais do discípulo. Mentres que Lucas dirixese ás comunidades pobres, e refírese ás situacións difíciles que viven os excluídos. Neste domingo lese a versión lucana.

Lucas contextualiza o sermón das benaventuranzas non nun lugar de culto, senón nunha chaira, ao escampado, onde se vive, onde se sofre. Non fala de pobres e ricos, senón que se dirixe a eles. Dilles felices os excluídos e laméntase dos ricos. Segundo Lucas, non é na riqueza onde atopamos a Deus senón poñéndonos á beira dos pobres.

A opción polos pobres leva hoxe consigo a opción polo coidado da Creación, porque «Tanto a experiencia común da vida ordinaria como a investigación científica demostran que os máis graves efectos de todas as agresións ambientais os sofre a xente máis pobre» (LS 48). Da encíclica Laudato Si' tomamos algúns exemplos: o quecemento climático aféctalles máis aos pobres porque a unha maioría lles implica emigrar, coa consecuente «gran incerteza polo futuro das súas vidas e dos seus fillos» (LS 25).

A contaminación ten efectos sobre a saúde, provoca millóns de mortes prematuras, especialmente entre os máis pobres, (cf. LS 20). A dispoñibilidade e calidade da auga é un problema serio, nos pobres é un factor de sufrimento e de mortalidade infantil (cf. LS 29).

A inxusta distribución dos alimentos trae consigo fame negra, desnutrición e morte: «sabemos que se desperdicia aproximadamente un terzo dos alimentos que se producen, e "o alimento que se refuga é coma se o roubásemos da mesa do pobre"» (LS 50).

Se "as benaventuranzas son como o carné de identidade do cristián" (DC 83), non ha de ser estraño que fagamos opción polo pobre e polo coidado dos bens naturais comúns. As benaventuranzas, no noso contexto actual, lémbrennos a responsabilidade de "escoitar tanto o clamor da terra como o clamor dos pobres" (LS 49).

**¿A qué me sinto comprometido/a?,  
¿cómo podo vivi-la solidariedade ecolóxica?**

